

A CREATIVIDADE NAS AULAS DE MÚSICA DE PRIMARIA E SECUNDARIA

Sesión 2 – 04/03/2026

Vicente Castro Alonso



CENTRO DE FORMACIÓN
E RECURSOS EDUCATIVOS
DE FERROL

Autor: Vicente Castro Alonso

Centro: CFR Ferrol – Universidade da Coruña

Ano: 2026

Este material foi elaborado no marco desta actividade formativa co obxectivo de compartir coñecemento e recursos co profesorado participante.

Permítese o seu uso con fins educativos no ámbito profesional.

Rógase non difundir nin comercializar este documento fóra deste contexto sen autorización expresa.

Contacto: vicente.castro@udc.es

UN REPASIÑO...

PARTE A. MARCO

PARTE B. O CAMIÑO IDIOMÁTICO

PARTE C. O CAMIÑO SOUND-BASED

PARTE B

O CAMIÑO IDIOMÁTICO

Entendemento musical por “retro-inxeniería”

(Re)Conectando co “eu” creador/a

A GRAVADORA, A NOSA ALIADA

Ferramenta de rexistro:

- **Documentar** prácticas sonoras, interpretacións, creacións...
- Como **evidencia** para o seguimento da aprendizaxe.

Instrumento de avaliación:

- **Autoavaliación:** os/as estudantes poden revisar as súas gravacións cun ollar crítico.
- **Coavaliación:** tamén poden establecer un *feedback* construtivo ao traballo dos compañeiros/as.
- **Heteroavaliación:** evidencia obxectiva como soporte para xustificar as calificacións do/a docente.

Permite unha divulgación do traballo na aula

Incentiva o silencio e a concentración

Proporciona unha segunda vida ao material gravado:

- Como un recurso sonoro para outro medio ou fin (multimodalidade).
- Música electroacústica.



Pedagogos/as como John Paynter e Peter Aston (**1970**) ou Pepa Vivanco (**1986**) empregaban constantemente a gravación de audio nas súas clases, rexistrando as composicións dos seus estudantes e a súa experimentación.

KOTEKAN


Tu nombre y apellidos:

Tu función (marca con una "X"):

- ☐ *Polos*
☐ *Sangsih*

Tu instrumento (última versión):

Anota los sonidos de vuestro *kotekan*:



Tus anotaciones (estructura de la pieza):

KOTEKAN




Tu nombre y apellidos:

Tu función (marca con una "X"):

- ☐ *Polos*
☐ *Sangsih*

Tu instrumento (última versión):


Anota los sonidos de vuestro *kotekan*:



Tus anotaciones (estructura de la pieza):

CODE: W2UHB8

DO RE MI SOL LA
POLOS KOTERAN
SAN SHI



PARTE C

O CAMIÑO SOUND-BASED

Do “ton” ao “son”
E todo o que iso supón...



SOUND-BASED MUSIC (LANDY, 2012) DUNHA CULTURA MUSICAL CENTRADA NO “TON” → “SON” (SOLOMOS, 2019)



É O BOLÍGRAFO UN INSTRUMENTO MUSICAL?





PROCESO CREATIVO (CREA):

- 1) EXPLORACIÓN
- 2) EXPERIMENTACIÓN
- 3) CREACIÓN




EXPANSIÓN E INTERACCIÓN
DOS IMAXINARIOS (🎒 + 🎒)

INTENSIDADES



DURACIÓNS



ALTURAS



POR QUE AOS ADULTOS LLES
AGRADA O SEU "RUÍDO"
E LLES MOLESTA O DOS NENOS?
O "RUÍDO" QUE PROXECTAN OS
NOSOS ALUMNOS
É VITALIDADE MUSICAL"
(VIVANCO, 1986, P. 48)



Centro Internazionale Loris Malaguzzi
REMIDA (Centro de Reciclaxe Creativo)
Reggio Emilia (Italia)


Curso de formación "A creatividade nas aulas de música de primaria e secundaria" - Vicente Castro Alonso (2026)






O XESTO: SOUNDPAINTING

- Técnica de improvisación guiada a través dunha **linguaxe de sinais xestuais** ideada por Walter Thompson
- **Web oficial con recursos e materiais de formación:**
<https://www.soundpainting.com/walter-thompson-sp/>
- A filosofía: o erro non existe, retroalimenta (flow)...




Exemplo con coro:

<https://www.youtube.com/watch?v=aeFPutGDMtU>



O XESTO: SOUNDPAINTING

“O compositor avezado alixeira; o compositor torpe recarga. O obxectivo é que vostede debería oír o que está a acontecer”
(Schafer, 1969, p.27).



“MUSICALMENTE, CANDO UNHA PERSOA SE PROXECTA, **ENCHE DE RUÍDO OU DE MÚSICA** O SEU ARREDOR.

SE SE SENTE CÓMODA, **GOZA** (...)

SE SE ATOPA COHIBIDA PODE REACCIONAR (...) **PARALIZÁNDOSE** OU DEIXANDO DE FACER, CONVERTÉNDOSE EN OBSERVADORA, RINDO OU FACENDO BROMAS PARA ALIVIAR A SÚA TENSIÓN E DESVALORIZANDO O QUE PRODUCE (...)

O MESTRE NON DEBE ALARMARSE ANTE ESTAS REACCIÓNS, QUE SON **ETAPAS NECESARIAS** PARA CHEGAR A EXPRESARSE E QUE NON SIGNIFICAN QUE A ACTIVIDADE DESAGRADE” (VIVANCO, 1986, P. 48)

“UNHA **SEPARACIÓN** TOTAL E SOSTIDA
DOS SENTIDOS CONCLÚE NUNHA
FRAGMENTACIÓN DA EXPERIENCIA.

PERPETUAR ESE ESTADO DE COUSAS
DURANTE TODA UNHA VIDA PODE SER
INSÁN.


GUSTARÍAME QUE CONSIDERÁSEMOS
UNHA VEZ MÁIS AS POSIBILIDADES DE
SÍNTESE DAS ARTES”

(SCHAFFER, 1975, P.28)

NO SOUNDPAINTING,
QUEN É O CREADOR/A?
QUEN PODE SER O
CREADOR/A?



DETONANTES OU ESTÍMULOS CREATIVOS: UN PROBLEMA A RESOLVER, UN ENIGMA QUE DESCUBRIR



ТЕХТО

UNHA SITUACIÓN (TEXTO)

Nunha poza tranquila, respírase calma.

Algúns parrulos deslízanse sobre a auga. Mentres tanto, os pardais permanecen pousados nas árbores, cuxas pólas son arroladas polo vento.

De súpeto, un estrondo.

As aves, presas do pánico, levantan o voo entre batementos de ás confusos e chíos agudos. No ceo, unha bandada mixta: unha mestura de cores e sons.

Pouco a pouco, as aves reagrupáanse por especies, case coma se dialogasen.

Finalmente, os parrulos volven pousarse na poza, na procura da tranquilidade.

Os pardais revoan un anaco máis, ata que finalmente deciden pousarse nas pólas unha vez máis.

UNHA SITUACIÓN (TEXTO)

“Fagan un comentario só cando teñan algo construtivo que engadir (...) non estean a garabatear” (Schafer, 1965, p.42).

PARA O ALUMNADO

- Negociacións co alumnado:
 - Que elementos debemos sonorizar?
 - Cales destes son fixos (continuos, ambientais) e cales non (puntuais)?
 - Como imos sonorizalos?
 - Obxectos, corpo, voz...
 - Como se desenvolven os acontecementos (comprensión oral/lectora)?
 - Como imos xestionar o avance da historia?
 - Que lugar imos ocupar no espazo?
 - Distancia e movemento (respecto á gravadora)

PARA O PROFESORADO

- A improvisación libre:
 - Vivir un proceso de **negociación social** en tempo real (Chefa Alonso, 2023)
 - Os músicos/as dialogan co instrumento, interactúan entre eles/as
 - Para isto, requírese de:
 - escoita activa no proceso
 - Toma de decisións rápidas no momento
- A confección do texto:
 - Léxico evocativo e descritivo
 - Estrutura ABA: calma – axitación – calma
 - Estrondo: función estrutural





IMAXE

<https://artsandculture.google.com/experiment/play-a-kandinsky/sgF5ivv1o5ukhA>


<https://musiclab.chromeexperiments.com/Kandinsky/>

<https://redplanea.org/proyecto/sonograf/>





“NON É, DAQUELA, O SISTEMA DA CLASE TRADICIONAL, NO QUE O MESTRE DÁ UN MODELO E O NENO O **COPIA**. POLA CONTRA, O MESTRE FAI UNHA PROPOSTA E OS ALUMNOS **DESCOBREN**” (VIVANCO, 1986, P. 44)





SON

CERTAME DE POESÍA: HAIKUS ACUÁTICOS

- **Haiku:**

- Xénero poético de orixe xaponés
- Brevidade (3 versos)
- Captura un instante fugaz da realidade (a modo de instantánea)
- Conexión coa natureza

- **Potencial para a escritura poética:**

- Tres versos sen rima
- Métrica fixa: patrón de 5 – 7 – 5 sílabas

- **Poesía sonora:**

- Forma artística que conecta composición literaria coa composición musical
- Prioridade na fonética, no ritmo, na intensidade
- Vencellado ao dadaísmo e futurismo

- Tomaremos como estímulo creativo a peza *Música acuática* de Juanjo Guillem (neopercusión):

<https://www.youtube.com/watch?v=liJfsoN8ZPE>



LISTA DE PALABRAS:

--

HAIKU:

PRIMER VERSO

--	--	--	--	--

SEGUNDO VERSO

--	--	--	--	--	--	--

TERCER VERSO

--	--	--	--	--

OBX₄. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias (Decreto 155/2022)

OBX₄. Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional (Decreto 156/2022)




Función
cultural y
patrimonial


Función
expresiva e
comunicativa

Función
creativa e
productiva

Función
social e
identitaria




“COMO PROFESORES DEBEMOS TRATAR DE VER A NOSA MATERIA NON COMO COLECCIÓN DE DISCIPLINAS ALTAMENTE DESENVOLVIDAS, SENÓN COMO **ÁREAS DE EXPERIENCIA** A TRAVÉS DAS CALES SE INCORPORAN ALGUNHAS DAS REACCIÓN MÁIS FUNDAMENTAIS DO SER HUMANO ANTE A VIDA”
(PAYNTER E ASTON, 1970, P.2)



QUE NOS APORTA O
"SOUND-BASED" NA
CONSECUCIÓN DOS
OBXECTIVOS DE ETAPA....?

CREA: CREATIVITY-RESPONSE EDUCATIONAL APPROACH



RADIOGRAFÍA DOS PROCESOS

Schafer (1965). *El compositor en el aula*

O/A DOCENTE LANZA
UN ESTÍMULO

O/A DOCENTE
ACHEGA IDEAS
SOBRE COMO
MUSICAR, PERO OS
COMPORTAMENTOS
(TEXTURA,
DIRECCIÓN, ETC.)
SON OS DA
REALIDADE, Á SÚA
IMITACIÓN,
ACHEGADOS POLO
PROPIO ALUMNADO

O/A DOCENTE
**PERFILA AS IDEAS E
CONTRÁSTAAS CO**
ALUMNADO,
CHEGANDO A CERTOS
ATOLLADEIROS...

O PROCESO
CONTINÚA, SENDO
OS/AS PROPIOS
ESTUDANTES QUEN
COMPLETAN AS
IDEAS, LOGO DO
INCENTIVO PREVIO
DO DOCENTE
MEDIANTE
PREGUNTAS

“Nunha clase programada para a creación, o mestre
debe planificar a súa propia extinción”
(Schafer, 1975, p. 24)

REFERENCIAS NESTA SESIÓN

- Alonso, C. (2023). *Improvisación libre. La composición en movimiento*. Editorial Cántico.
- Landy, L. (2012). *Making Music with Sounds*. Routledge. <https://doi.org/10.4324/9780203120644>
- Paynter, J., & Aston, P. (1970). *Sound and silence: Classroom projects in creative music*. Cambridge University Press.
- Schafer, R. M. (1965). *The composer in the classroom*. Canada Limited.
- Schafer, R. M. (1969). *Ear cleaning: Notes for an experimental music course*. Berandol Music.
- Schafer, R. M. (1975). *The Rhinoceros in the Classroom*. Universal Edition.
- Schafer, R. M. (2002). *The new soundscape. A handbook for the Modern Music Teacher*. Melos de Ricordi Americana.
- Solomos, M. (2019). *From Music to Sound: The Emergence of Sound in 20th- and 21st-Century Music*. Routledge. <https://doi.org/10.4324/9780429201110>
- Vivanco, P. (1986). *Exploremos el sonido*. Ricordi.